



Este ciclo de teatro ten a vontade de **potenciar a sensibilidade e a intelixencia emocional** dos bebés.

Trátase dun valioso estímulo que lles permite **desenvolver a súa imaxinación** e que os axuda a construír a súa realidade.

Ademais, o ciclo permite achegar as crianzas desde os seus primeiros anos de vida ao mundo da **cultura** e a **creación**.

Sempre pases ás 11.30 e ás 13.00 horas.



DESPACHO CENTRAL DE BILLETES PRAZA DE OURENSE

De **luns a venres**, agás festivos de 9:30 a 13:00h. e de 16:30 a 19:30h.

DESPACHO DE BILLETES À GORA

Aberto só os días de función, desde **unha hora antes** (só se quedasen entradas dispoñibles).

VENDA DE ENTRADAS

- Entrada: **6,00€**
- Menores de 3 anos: **2,00€**
- Abono 3 (3 entradas para a mesma función): **15,00€**

* **Capacidade reducida.**

** *Todas as persoas que accedan ao espazo en que terá lugar o espectáculo **deben facelo con entrada.***

*** ***Pídese puntualidade.** Unha vez que comece o espectáculo, non se permitirá acceder á sala.*

TELEVENDA 902 044 226

Luns a venres de 9:00 a 22:00h.

Sábados de 14:00 a 22:00h.

Domingos de 16:00 a 21:00h.

WEB www.ticketea.com

Servizo permanente **24h.**

MÁS INFORMACIÓN

www.coruna.es/cultura



Depósito legal: C 242-2019



CORUÑA
PRÓXIMA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA



CORUÑA
PRÓXIMA

DOMINGO 24 FEBREIRO 11.30H, 12.10H, 12.40H, 13.10H. 20 MIN. 18 MESES - 3 ANOS

SENSACIONAL Imaginart (Cataluña)

Sensacional é un espazo de sensacións audiovisuais para nenos e nenas de 18 meses a 3 anos. Un chan blando de cor branca. Todo é de cor branca, incluso o vestiario que os nenos e nenas levan despois de cambiar a roupa, antes de entrar no escenario. O chan é unha grande pantaia sobre a que se proxectan imaxes de alta resolución que cobren todo o espazo e os corpos dos participantes. Un estoupido de imaxes e sons que se propagan por tódalas partes. Unha experiencia visual e sonora sorprendente. Os nenos e as nenas déixanse levar pola forza das imaxes, polo xogo que estas provocan, e pola suxerente banda sonora.

**Polas características do espectáculo o aforamento está limitado a 40 espectadores por pase e so se permitirá o acceso de 1 adulto por neno/a.*



DOMINGO 3 MARZO 11.30H, 13.00H. 30 MIN. 1-5 ANOS

CRASSH BABIES We Tum Tum (Portugal)

CRASSH BABIES é un espectáculo cunha estética moi propia que pretende estimular os sentidos dos máis pequenos e proporcionar momentos únicos entre pais e fillos. Propón unha viaxe polo mundo CRASSH coa súa linguaxe vocal moi propia, o Crasshonés, entendida por adultos e polos bebés. Dúas personaxes de carácter forte e musicalidade extrema, son capaces de sorprenden na súa interacción e pola forma como comunican a través do son. Con esta relación entre sons, crianzas e pais, a diversión está garantida.

BANG

DOMINGO 7 ABRIL 11.30H, 13.00H. 30 MIN. 1-5 ANOS

AFUERA ES UN LUGAR Arena en los bolsillos (Andalucía)

Todo o que coñecía do mundo eran aquelas catro paredes e unha pequena fiestra... ¿cómo é o vento?, ¿cómo pincha unha barba? ¿A qué soa o silencio? Mamá, ¿que é afora? Afora, fillo, afora é un lugar.

A pequena fiestra resultou ser unha grande porta ao mundo. Tras o primeiro paso, a curiosidade fíxose dona dos pes, e a propia senda foi a súa mellor compañía.

Nun chimpó vital incontrolable, descubriu o tacto da herba nas súas pegadas, os raios do sol quencían a súa pel, os ollos enchéronse cun ceo do máis azul dos azúis, pensou que todo aquilo era só para él e quixo ver máis.

A vida agardáballe afora, e non está ben chegar tarde...

- **Mellor Interpretación Masculina** no 11º Festival de Títeres "Katowice for Children 2013", Polonia
- **DRAC D'OR á Mellor Escenografía** na Feira de Títeres de Lleida 2013.



DOMINGO 28 ABRIL 11.30H, 13.00H. 30 MIN. 1-5 ANOS

ÑAM Caramuxo Teatro (A Coruña)

Comer é un pracer, mais antes hai que cociñar e escoller os mellores produtos: Porque as mazás poden ser verdes ou vermellas, as galletas grandes ou pequenas, os tomates da casa ou chegar do outro lado do mundo. ¡A min encántame o doce! ¡Pois eu prefiro o salgado! "Ñam!" é un espectáculo envolvente creado a partir do mundo da cociña para ver, escoitar, ulir, sentir e saborear en familia.

POOOOW!!

DOMINGO 12 MAIO 11.30H, 13.00H. 30 MIN. 6 MESES - 5 ANOS

MALEBABLE

Helena Lizari, Mercat de les Flors e El Més Petit de Tots (Cataluña)

MALEBABLE é un espectáculo sensorial de movemento. Corpo e obxectos bailan xuntos creando unha serie de imaxes poéticas. É unha viaxe a través das sensacións, dos sentidos. Unha aventura de percepción por medio das texturas, do tacto. É elástico, suave, moldeable, flexible, transformable, consistente...

Todo espectáculo é unha viaxe. MALEBABLE lévate a través de obxectos e texturas a un imaxinario creado por dúas personaxes e impulsado polo motor da imaxinación.

As personaxes transfórmanse según os materiais que van introducindo en escena, creando, de esta forma, un fío conductor na narración.



COUSAS QUE DEBES SABER

ANTES DE VIRNOS VER:

- O despacho de billetes ábrese unha hora antes do comezo de cada espectáculo e só en caso de que queden entradas.
- Pídese puntualidade. Non se permitirá acceder á sala unha vez que comece a función.
- Non está permitida a entrada á sala con comida ou bebida (exceptuando auga).
- Non está permitido tirar fotos nin gravar durante a función.

